



EGAP

Memoria 2019



XUNTA DE GALICIA

Edita: Escola Galega de Administración Pública

Lugar: Santiago de Compostela


Ano: 2020

EGAP

Memoria 2019

M

XUNTA DE GALICIA

- 
1. **Presentación (páx. 5)**
 2. **Principais datos de 2019 (páx. 6)**
 3. **A formación no ano 2019 (páx. 15)**
 4. **Cursos superiores, monográficos e xornadas (páx. 43)**
 5. **Sinatura de convenios (páx. 62)**
 6. **Publicacións (páx. 71)**
 7. **Outras actividades (páx. 78)**
 8. **Premios (páx. 81)**
 9. **Biblioteca (páx. 83)**
 10. **Docentes (páx. 85)**
 11. **Bolsas de formación (páx. 95)**
 12. **Información económica (páx. 97)**

A memoria elaborada pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pretende ser o documento no que se reflectan con fidelidade todas as actividades desenvolvidas polo organismo durante o ano 2019, de xeito que se ofrezca unha visión xeral dese período a través dalgúns dos datos máis relevantes.

En 2019 a EGAP continuou traballando para consolidarse como o centro de referencia do persoal empregado público de Galicia para a súa cualificación e capacitación profesional co fin último de mellorar os servizos prestados á cidadanía.

Nesta liña, a Escola ofreceu unha oferta formativa ampla e diversificada coa que deu resposta ás necesidades reais de cualificación do persoal ao servizo das administracións públicas, a través da formación continua, e dos profesionais que traballan coa Administración, mediante xornadas, cursos superiores e monográficos.

Mediante todas estas accións formativas ofreceuse unha formación completa e actualizada sobre os cambios normativos máis recentes e sobre os avances tecnolóxicos que influíron ao sector, co fin de contribuír á implantación das TIC no sector público, e á consolidación da administración electrónica.

Ademais, en 2019 a Escola continuou traballando para ofrecer a mellor formación, de calidade e actualizada, incorporando certas novidades. En primeiro lugar, por primeira vez os distintos colectivos puideron acceder á totalidade das actividades programadas en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero. Neste senso, o plan

de formación veu reforzar, ademais, amplamente a oferta formativa nestes contidos, a través dun importante incremento no número de actividades específicas e prazas de formación.

En segundo lugar, a EGAP profundou nas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías canto á docencia. Así, á formación presencial, á teleformación e á autoformación en 2019 sumouse a telepresenza. Esta nova modalidade aglutina as vantaxes da formación presencial coas da formación a distancia, xa que permite ao docente impartir clases ao alumnado mantendo unha total bidireccionalidade e ampliando así a calidade da actividade.

O uso das novas tecnoloxías tamén deu paso á dixitalización das revistas da Escola, contribuíndo así a unha mellor difusión do seu labor de investigación.

Finalmente, o organismo quixo dar un paso máis co deseño do Universo EGAP Innova, unha iniciativa multidisciplinar e transversal que se creou co obxectivo principal de contribuír á innovación e ao cambio nas administracións públicas a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades.

Nas seguintes páxinas reflíctese o esforzo da EGAP por consolidar unha Administración eficiente e de calidade, características que só se poden garantir a través dunha formación adecuada do persoal ao seu servizo.





Actividade
formativa



685
edicións


33.847
prazas

Persoas
formadas



13.574 persoas


Persoas que recibiron formación segundo o seu sexo



Modalidades formativas

Unha parte importante da formación da EGAP impártese a través de fórmulas non presenciais coa finalidade de eliminar barreiras e facilitarlle o acceso ao alumnado.

En decembro de 2019 a Escola impartiu o primeiro curso baixo a modalidade de telepresenza. Esta metodoloxía baséase en sesións en tempo real entre o docente e o alumnado, unindo as vantaxes dos cursos presenciais e de teleformación.



■ Presencial ■ Teleformación ■ Mixta ■ Autoformación ■ Telepresenza

Número de
diplomas expedidos

21.179

Número de
enquisas recollidas
en formación continua

11.356

Datos da web
(<http://egap.xunta.gal>)

Número de
visitas

658.664

Número de
visitantes

320.528

Número de
descargas

99.014

Datos redes sociais

Twitter

Número de
chíos

230

Número de
impresións

269.600

Novos
seguidores

240

Facebook

Número de
publicacións

207


Número de
impresións

292.730


Novos
seguidores

700

Accesos ás instalacións da EGAP



Administración de procedencia do alumnado



■ Autonómica ■ Local ■ Xustiza ■ Universidade ■ Outros ■ Estatal


*Baseado nos diplomas expedidos en 2019 en calquera actividade da EGAP (formación continua, xornadas, cursos de convenio...), segundo os datos declarados polo alumno/a na zona de matrícula.

As 20 actividades máis demandadas

1. FC19064. Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero
2. FC19042. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
3. CV19046. Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia: RE-XEL, sede electrónica e NOTIFICA
4. CV19052. Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA
5. OF19006. Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)
6. CV19010. Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA
7. CV19004. Tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia no marco da Lei 39/2015
8. OF19004. Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)
9. PI19016. Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 1)
10. FC19168. Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas
11. FC19063. Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas
12. CV19018. Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA
13. FC19170. Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital
14. FC19041. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
15. FC19169. Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero
16. FC19048. Os contratos do sector público
17. FC19065. Básico en prevención de riscos laborais
18. CV19063. Permisos de corresponsabilidades nos coidados familiares para a igualdade
19. CV19007. Introducción á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos.
20. PI19026. Lingua portuguesa. Nivel básico 1

Os 20 contidos de autoformación máis solicitados

1. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
2. Básico en prevención de riscos laborais.
3. Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas
4. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
6. Prevención e xestión de conflitos
7. Certificado dixital
8. Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero
9. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos
10. Iniciación á Administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos
11. Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública
12. Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)
13. Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)
14. Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
15. Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
Introdución á Unión Europea e ao seu dereito
16. Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia
17. A responsabilidade patrimonial da Administración pública
18. Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (EBEP)
19. Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)
20. O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral



principais

aspectos

prior.

ético

O PLAN DE FORMACIÓN

O plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2019, publicado no [DOG do 21 de decembro de 2018](#), é o instrumento empregado para promover entre o persoal empregado público a incorporación de novos coñecementos relativos ás novidades legislativas e de funcionamento das administracións e de novas habilidades, co obxecto de mellorar a prestación dos servizos públicos.

Este documento recolle as actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ao persoal das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, ao persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, ao persoal ao servizo das entidades locais de Galicia e ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

A elaboración do plan

Para elaborar o plan tivéronse en conta as necesidades formativas dos diversos organismos, ao contar coa participación das distintas consellerías da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Xustiza, da Dirección Xeral de Administración Local e das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. Ademais, colaboraron os coordinadores de formación de cada un dos centros directivos e tamén docentes e persoas expertas dos distintos campos formativos. Finalmente, incorporáronse tamén achegas do propio persoal destinatario da formación a través das súas suxestións.

Así mesmo, na súa configuración -e co propósito de sustentar o seu deseño nunha sólida base de coñecemento acerca dos niveis de satisfacción do alumnado- tívose en conta a demanda real rexistrada nos cursos e os resultados da satisfacción das actividades desenvolvidas nos anos anteriores. Grazas a esta avaliación permanente dos plans formativos, a EGAP deseñou unha programación formativa de calidade e verdadeiramente adecuada ás necesidades e expectativas das persoas que acceden á formación.

As metodoloxías

O plan apostou novamente polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías, mediante a distribución da oferta formativa nas modalidades de autoformación, teleformación, docencia presencial e -por vez primeira- telepresenza. Así pois, a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías constitúe outra das liñas distintivas do plan, que ten o obxectivo de facilitar a formación ao eliminar calquera posible barreira no acceso e promover a conciliación da vida laboral e familiar.

A EGAP, afondando nunha acción estratéxica consolidada nestes anos, continuou a potenciar o seu espazo virtual de coñecemento, cunha formación en liña, ampla e diversificada. A aposta pola teleformación e a autoformación garante a equidade no acceso aos contidos máis demandados e permite, ademais, no caso da autoformación, acreditar as competencias mediante a realización dunha proba voluntaria.



Por outra banda, tras o éxito acadado en 2018 coa realización de forma descentralizada nas principais localidades de Galicia das probas das actividades enmarcadas no plan ofimático e no programa de autoformación, o plan de formación de 2019 presentou un carácter integramente descentralizado.

A estrutura

Esta liña metodolóxica complementábase coa natureza heteroxénea do plan de formación que está integrado por accións formativas de carácter transversal e específico. As primeiras teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal orientado a capacitar o alumnado para desenvolver funcións xenéricas e que constitúen as bases da organización da Administración. Doutra banda, as específicas comprenden o conxunto de actividades cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo, incluíndo contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

No que respecta á estruturación dos programas formativos que integran o plan, tras os bos resultados acadados en 2019, cómpre destacar a continuidade da oferta común nas actividades enmarcadas no portal de idiomas, no plan ofimático e no programa de autoformación, accesibles a todos os empregados e empregadas públicos de Galicia. Con esta medida, ademais de ampliar a oferta formativa, promoveuse unha xestión máis eficiente e unha maior racionalización no que respecta á cobertura das prazas, e garantiuse que todos os colectivos destinatarios do plan formativo, con independencia da Administración de procedencia puideran acceder a esta formación de carácter transversal.

En liña co anterior, como novidade para 2019, por primeira vez os distintos colectivos de empregados/as públicos/as -persoal ao servizo da Administración autonómica, das entidades locais, da Administración de xustiza de Galicia e persoal de administración e servizos das universidades do sistema universitario de Galicia- puideron acceder á totalidade das actividades programadas en mate-

ria de igualdade e loita contra a violencia de xénero. O plan de formación reforzou, ademais, amplamente a oferta formativa nestes contidos, a través dun importante incremento no número de actividades específicas e prazas de formación grazas á publicación dunha convocatoria extraordinaria. Estas actuacións tiveron o propósito de que o maior número de persoas ao servizo das administracións públicas puidera acceder a unha formación específica sobre estes contidos, e contribuír así, a través da capacitación do persoal, a integrar a igualdade de oportunidades de xeito transversal nas actuacións das administracións públicas de Galicia.

Ademais, o plan integrou unha oferta formativa ampla e diversificada, coa que se pretendeu darlle resposta satisfactoria ás necesidades reais de cualificación do persoal ao servizo das administracións públicas, atendendo especificamente aos cambios legislativos e de funcionamento das administracións. Como non pode ser doutro xeito, ademais de ter en conta os cambios normativos, prestouse especial atención ás necesidades derivadas dos avances tecnolóxicos, co fin de que o persoal empregado público dispuxera dunha cualificación específica e duns coñecementos actualizados que o capacite para ser axentes clave tanto na implantación das TIC no sector público, coa promoción do seu uso intensivo e do aproveitamento de todas as súas potencialidades, como na consolidación da Administración electrónica no ámbito das administracións públicas de Galicia.

Finalmente, na definición dos contidos que integran o plan, procurouse unha maior adaptación aos compromisos adquiridos pola EGAP ao abeiro dos distintos plans sectoriais dos que forma parte, o cal se traduciu nun reforzo das actividades relacionadas con materias de relevancia social.

A FORMACIÓN NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

A formación impartida para o persoal da Administración autonómica e para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais no ano 2019 contou coa convocatoria de **259 edicións** e **9.692 prazas**.

Edicións	Prazas
259	9.692

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:

- [DOG núm. 26, do 6 de febreiro \(actividades do primeiro semestre\)](#)
- [DOG núm. 120, do 26 de xuño \(actividades do segundo semestre\)](#)
- [DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2018 \(linguaxe administrativa galega\)](#)

O plan ofertado para o persoal da Administración autonómica en 2019 estruturouse en materias transversais e específicas.

As primeiras teñen como finalidade ofrecer un currículo básico horizontal que capacita para desenvolver eficientemente calquera posto de traballo, favorecendo a mellora profesional. Esta categoría dividiuse nas seguintes áreas formativas:

- a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas
- b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios
- c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- d. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- e. Lingua galega

Pola contra, a formación en competencias específicas comprende as actividades orientadas a dar resposta ás necesidades de cualificación especializada mediante a actualización de coñecementos e habilidades directamente relacionados coas tarefas desenvolvidas. Así pois, este programa formativo, atendendo ás propostas de cada consellería ou organismo, orientouse a satisfacer as necesidades de formación nas materias propias do seu ámbito competencial de conformidade cos requirimentos específicos e os cambios que se produzan.

Trátase, polo tanto, de actividades dirixidas a satisfacer os obxectivos estratéxicos dos distintos departamentos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia.

A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

O alumnado valorou a súa satisfacción con estas actividades cunha puntuación media de **4,37** (nunha escala de 1 a 5, en base a 5.727 enquisas).

Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración autonómica no ano 2019

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19001	Medio de linguaxe administrativa galega	75	8	200
FC19002	Medio de linguaxe administrativa galega	75	1	25
FC19003	Superior de linguaxe administrativa galega	75	2	50
FC19004	Superior de linguaxe administrativa galega	75	11	275
FC19005	Tramitación electrónica no sistema de información contable e de tesouraría (XUMCO). Principios básicos e funcionamento	12	1	15
FC19006	Elaboración dos orzamentos no sistema de información orzamentario	21	1	15
FC19007	A aplicación dos tributos. Os seus procedementos de aplicación	20	1	50
FC19008	Fiscalidade do patrimonio familiar	20	1	50
FC19009	Adaptación do sistema contable á Lei 39/2015, do 1 de outubro	15	1	25
FC19010	O Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020: xestión e control	30	1	35
FC19011	Biblioteca e memoria local nos tempos da web móbil	12	1	25
FC19012	Catalogación de fondo antigo: libros impresos séculos XVI-XVIII	12	1	25
FC19013	Dixitalización e preservación de documentos electrónicos	15	1	35
FC19014	Avaliación da condición física saudable	15	1	25
FC19015	Cara a un concello activo e saudable.	15	1	30
FC19016	As valoracións realizadas polos xurados de expropiación en Galicia derivadas da expropiación forzosa	30	1	50
FC19017	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	20	3	150
FC19018	A protección do menor ante os medios de comunicación	30	1	50
FC19019	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	30	3	150
FC19020	A transparencia da Administración e bo goberno (normativa estatal e autonómica)	25	1	50
FC19021	A xurisdición contencioso-administrativa	25	1	50
FC19022	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia	25	2	100
FC19023	Atención á cidadanía	25	3	150
FC19025	Básico de subvencións e normativa aplicable	30	2	100
FC19026	Cambio e motivación nas organizacións	15	1	50
FC19027	Certificado dixital	30	2	100
FC19029	Como deseñar presentacións eficaces	20	1	50
FC19030	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	30	1	50
FC19032	Contratación estratéxica	35	1	50
FC19033	Correo electrónico corporativo	12	2	100

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19034	Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	20	2	100
FC19035	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	30	1	50
FC19036	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	18	1	50
FC19037	Iniciación á administración electrónica. Seguraza da información e protección de datos	20	2	100
FC19038	Iniciación ao protocolo	20	1	50
FC19039	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	24	1	50
FC19040	Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	20	3	150
FC19041	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	20	3	150
FC19042	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	25	3	150
FC19043	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	25	3	150
FC19044	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	20	1	50
FC19045	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	20	3	150
FC19046	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e Lei 40/2015, do 1 de outubro	20	2	100
FC19047	Organización e simplificación do traballo administrativo	12	1	50
FC19048	Os contratos do sector público	30	3	150
FC19049	Prevenición e xestión de conflitos	25	1	50
FC19050	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público	25	3	150
FC19051	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	15	2	100
FC19052	Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia	15	1	50
FC19053	Simplificación administrativa: pautas e directrices europeas	30	1	50
FC19054	Sistema de xestión de recursos humanos da Xunta de Galicia	20	2	100
FC19055	Técnicas elementais de arquivos	25	2	100
FC19056	Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	50	2	100
FC19057	Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	50	2	100
FC19058	Xestión de indemnizacións por razón de servizo na administración autonómica	25	1	50
FC19059	Prestacións da seguridade social e cotizacións	30	2	100
FC19060	O réxime xurídico do silencio administrativo na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común	12	1	30

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19061	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	30	1	50
FC19062	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	20	2	100
FC19063	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	20	2	100
FC19064	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	20	10	500
FC19065	Básico en prevención de riscos laborais	50	3	150
FC19066	Autocad 2016 - Nivel avanzado	35	1	25
FC19067	Os primeiros auxilios	20	2	100
FC19068	Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	25	2	100
FC19069	Actualización gramatical e ortográfica na lingua galega	30	1	30
FC19070	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	15	2	100
FC19071	Prevención de riscos laborais nas actividades agroforestais, mantemento e conservación de infraestruturas en espazos abertos	20	1	50
FC19072	Produtividade persoal co método GTD (Getting Things Done) e a súa relación coas TIC	15	1	25
FC19073	Prevención de riscos laborais para o persoal veterinario	20	1	50
FC19074	Xestión de persoas: mando, xestiono, lidero e dirixo	12	1	25
FC19075	Factura electrónica	20	1	25
FC19076	Xestión do persoal (docente e non docente) dun centro educativo a través da aplicación Xade	20	1	50
FC19077	Novidades da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais	12	2	100
FC19078	Exercicio físico saudable e estilos de vida activos	12	1	20
FC19079	Liderado e intelixencia emocional	15	1	20
FC19080	Coaching, a ferramenta para o cambio	30	1	25
FC19081	Ferramentas e técnicas para falar mellor en público	15	1	20
FC19083	Faite entender: a comunicación positiva e a arte de ler entre liñas	15	1	30
FC19084	Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino	12	1	35
FC19085	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	20	1	50
FC19086	Perfeccionamento das habilidades comunicativas na relación co inspeccionado durante inspeccións sanitarias	15	1	25
FC19087	Réxime sancionador de centros, servizos e establecementos sanitarios	15	1	25
FC19088	Bioestatística e tratamento de datos	25	1	25
FC19089	Identificación de especies: moluscos	20	1	25
FC19090	Identificación de especies: macroalgas	20	1	25
FC19091	Taller práctico de risco eléctrico. Análise, avaliación e verificación de medios de protección para a seguridade eléctrica das instalacións	15	1	25

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19092	O reto da administración electrónica no IGCC	12	1	40
FC19093	A tramitación do procedemento sancionador: especialidades en materia de consumo	12	2	42
FC19094	Cláusulas chan e gastos de formalización das hipotecas	12	1	25
FC19095	Básico de xestión enerxética e mantemento de edificios públicos	30	1	30
FC19096	A Inspección ambiental nos traslados de residuos.	30	1	40
FC19097	Formación en sistemas de información xeográfica SIX aplicada ao planeamento no ámbito da administración	30	1	25
FC19098	Formación sobre riscos específicos do seu posto de traballo (Art. 19 LPRL) para axentes facultativos medioambientais	8	5	175
FC19099	Guía de arquitectura pasiva para vivendas en Galicia	16	1	30
FC19100	Identificación de hábitats de interese comunitario e manexo de XIS	25	3	75
FC19101	O interese superior do menor: guía para a súa avaliación	15	1	25
FC19102	Tratamento e intervención multidisciplinar ante os problemas de conduta en menores en acollemento residencial.	20	1	25
FC19103	A intelixencia emocional como ferramenta para o desenvolvemento persoal e as relacións no eido sociosanitario	20	1	25
FC19104	Retos e desafíos na xestión sanitaria residencial actual	12	1	30
FC19105	Seguridade alimentaria e boas prácticas nutricionais en residencias	12	1	30
FC19106	Formación básica en redes sociais para a mocidade	12	1	30
FC19107	Os ríos de Galicia	24	1	30
FC19108	Formación en inspección pesqueira	15	1	30
FC19109	Igualdade de xénero: perspectiva xurídica	21	1	25
FC19110	Violencia de xénero	21	1	30
FC19111	Utilidade do sistema de información de usuarios de servizos sociais(SIUSS) para os servizos sociais especializados de inclusión, familia e menores	12	2	40
FC19112	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	20	1	25
FC19113	O teletraballo no sector público de Galicia	6	1	20
FC19114	A cooperación galega. Os ODS e o IV Plan director da cooperación galega 2018-2021	12	1	20
FC19115	Formación tanatolóxica básica	16	1	35
FC19116	Intervención en trauma	16	1	35
FC19117	A atención educativa e o coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade - TDAH.	20	1	25

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19118	O coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas da discapacidade sensorial	20	1	25
FC19119	O coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de trastornos de conduta	20	1	25
FC19120	O coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de trastornos xeneralizados do desenvolvemento TXD e do trastorno do espectro autista-TEA	20	1	25
FC19121	Epidemioloxía laboral e vixilancia da saúde colectiva	15	1	25
FC19122	O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	25	1	50
FC19123	Formación inicial en Prevención de Riscos Laborais para persoal funcionario da Xunta de Galicia, corpo axudantes facultativos -escala de axentes do Servizo de Gardacostas-, subgrupo C1	3	1	20
FC19125	Actualización en materia de tráfico e seguridade viaria	12	1	15
FC19126	Condución segura	9	2	48
FC19127	A accesibilidade universal	25	1	50
FC19128	Como traballar a educación emocional infantil	15	1	30
FC19129	Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	25	1	50
FC19130	Ética Pública. os códigos éticos e o código ético da Xunta de Galicia	12	1	25
FC19131	Introdución ao dereito da UE para os xestores públicos	30	1	50
FC19132	Legalidade das actas de inspección. A función inspectora	25	1	50
FC19133	Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais	20	1	50
FC19134	Nóminas e retribucións do persoal	25	1	50
FC19135	Novidades na regulación da contratación no sector público: aspectos prácticos.	21	2	40
FC19136	O acoso psicolóxico na contorna laboral	12	1	25
FC19137	Os convenios de colaboración e as encomendas de xestión nas administra-	20	1	50
FC19138	Transparencia e acceso á información pública	18	1	25
FC19139	Xestión de proxectos I+D+i no horizonte 2020	30	1	50
FC19140	Planificación e toma de decisións	16	1	25
FC19141	Prevención de riscos laborais para o persoal farmacéutico de inspección de saúde pública	6	2	30
FC19142	Xestión Electrónica de Expedientes de Contratación (PLATION)	12	1	15
FC19143	Os Riscos Ambientais. Xestión de Emerxencias Ambientais	30	1	40
FC19144	Creatividade e comunicación para mellorar a atención os/as usuarios/as	24	1	25
FC19145	Os dereitos fundamentais na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social: evitar a discriminación, a aporofobia e o edadismo	16	1	30

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC19146	Modificacións do Código Técnico da Edificación	4	1	300
FC19147	Estatística avanzada co software libre R	30	1	50
FC19148	Procedemento sancionador e revisor da administración tributaria	20	1	50
FC19149	Tipos de artes e aparellos de pesca, finalidade e características	15	1	30
FC19150	Comercialización de recursos mariños e trazabilidade	15	1	30
FC19151	Controis sobre o terreo das axudas forestais	15	1	25
FC19152	Formación sobre sistemas de información xeográfica (GIS)	12	1	25
FC19153	SIX aplicado a superficies agrarias	20	1	25
FC19154	Prevenición de riscos nas inspeccións das industrias alimentarias	12	1	35
FC19155	Condución de vehículos todoterreo para o persoal SPDCIF	20	1	20
FC19156	Acuicultura e Medio Ambiente	15	1	25
FC19157	Requisitos legais das instalacións industriais	15	1	30
FC19158	Regulación legal do acoso escolar (bullying)	30	1	50
FC19159	Prevenición de riscos psicosociais: o estrés laboral	20	1	50
FC19160	Especialización na loita contra as pragas forestais en Galicia	30	1	35
FC19161	Avanzado en comunicación e colaboración dixital. Enfoque e uso creativo das tecnoloxías dixitais.	50	1	50
FC19162	Soporte TIC do posto de traballo dixital corporativo	30	1	30
FC19163	Formación inicial persoal funcionario da Xunta de Galicia, subgrupo A1- Enxeñeiros/as, especialidade de Enxeñaría Industrial	3	1	20
FC19164	Formación inicial persoal funcionario da Xunta de Galicia, subgrupo A1-Escala de Ciencias. Especialidade de Bioloxía	3	1	20
FC19165	Formación inicial persoal funcionario da Xunta de Galicia, subgrupo A1-Escala de Ciencias. Especialidade de Química	3	1	20
FC19166	Formación inicial persoal funcionario da Xunta de Galicia, subgrupo C1-Escala de Axentes de Inspección, especialidade de Consumo	3	1	20
FC19167	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	20	2	50
FC19168	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	20	2	100
FC19169	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	20	2	100
FC19170	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	20	3	150
FC19171	Formación inicial persoal funcionario da Xunta de Galicia, subgrupo A2- Enxeñeiros/as técnicos, especialidade de Enxeñaría Técnica Industrial	3	1	20
FC19172	Emigración e retorno	27	1	14

A FORMACIÓN NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

A formación impartida para o persoal da Administración de xustiza no ano 2019 contou coa convocatoria de **33 edicións** e **1.510 prazas**.

Edicións	Prazas
33	1.510

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:

- [DOG núm. 39, do 25 de febreiro \(actividades de formación continua\)](#)
- [DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2018 \(linguaxe xurídica galega persoal da CA de Galicia\)](#)
- [DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2018 \(linguaxe xurídica galega persoal de fóra da CA de Galicia\)](#)
- [DOG núm. 54, do 18 de marzo \(actividades de formación para o posto de traballo\)](#)
- [DOG núm. 207, do 30 de outubro \(probas de avaliación das actividades de formación para o posto de traballo\)](#)

A formación específica deste persoal estruturouse nas seguintes áreas:

a. Itinerarios formativos

- Civil
- Social
- Contencioso
- Penal

- Coñecementos xerais oficina xudicial e fiscal
- b. Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)
- c. Coñecementos transversais
- d. Medicina forense
- e. Lingua galega

A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

O alumnado valorou a súa satisfacción con estas actividades cunha puntuación media de **4,54** (nunha escala de 1 a 5, en base a 659 enquisas)

Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración de xustiza no ano 2019

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FX19001	Medio de linguaxe xurídica galega	75	1	25
FX19002	Medio de linguaxe xurídica galega (persoal con destino fóra da C.A. de Galicia)	75	1	25
FX19003	Superior de linguaxe xurídica galega	75	1	25
FX19004	Superior de linguaxe xurídica galega (persoal con destino fóra da C.A. de Galicia)	75	1	25
FX19005	A custodia compartida nas crises matrimoniais	17	1	50
FX19006	A intervención do médico forense na xurisdición social	12	1	30
FX19007	A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal	30	1	50
FX19008	Asistencia xurídica gratuita	20	1	50
FX19009	Atención ás vítimas de delito e Información ao cidadán	30	1	50
FX19010	Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración da xustiza	25	1	50
FX19011	Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	20	1	50
FX19012	Módulo I. Contencioso I	25	1	50
FX19013	Módulo I. Execución civil; disposicións xerais	25	1	50
FX19014	Módulo I. Lexislación social I	25	1	50
FX19015	Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria	25	1	50
FX19016	Módulo II. Contencioso II	25	1	50
FX19017	Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	30	1	50
FX19018	Modulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais	25	1	50
FX19019	Módulo IV. Actividades procesuais dos xulgados de instrución	30	1	50
FX19020	Módulo IV. Xurisdición voluntaria	20	1	50
FX19021	Módulo V. Concursal	20	1	50
FX19022	Morte perinatal	12	1	30
FX19023	Organización de arquivos xudiciais e expurgo	25	1	50
FX19024	Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	25	1	50
FX19025	Prevenção de riscos laborais en oficinas e despachos	15	1	50
FX19026	Reformas legislativas de incidencia procesual	30	1	50
FX19027	Integración das bases de datos de Minerva e boas prácticas no manexo da aplicación procesual	30	1	50
FX19028	Xustiza dixital	30	2	100

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FX19029	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Administración de xustiza de Galicia. Utilidades básicas- Contidos	30	1	-
FX19030	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Administración de xustiza de Galicia. Utilidades Básicas - Proba de avaliación	30	7	200
FX19031	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Admón. de Xustiza - Curso II: Especialidades da orde xurisdiccional penal - Contidos	30	1	-
FX19032	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Administración de xustiza de Galicia. Especialidades da orde xurisdiccional penal - Proba de avaliación	30	7	200
FX19033	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Admón. de Xustiza - Curso III: Especialidades das ordes xurisdicionais civil e laboral - Contidos	30	1	-
FX19034	Formación para o posto de traballo do persoal funcionario da Administración de xustiza de Galicia. Especialidades das ordes xurisdicionais civil e laboral - Proba de avaliación	30	7	200
FX19035	Curso de formación en prevención de riscos laborais nas tarefas de tipo administrativo	3	3	300
FX19036	Atención integral en violencia de xénero	21	7	196
FX19037	Violencia de xénero dende a perspectiva socioasistencial	20	1	30
FX19038	Curso de formación en prevención de riscos laborais nas tarefas de tipo administrativo	3	3	450

A FORMACIÓN PARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

A formación impartida para o persoal de administración e servizos (PAS) no ano 2019 contou coa convocatoria de **21 edicións** e **925 prazas**.

Edicións	Prazas
21	925

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:

- [DOG núm. 58, do 25 de marzo \(actividades de formación continua\)](#)
- [DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2018 \(linguaxe administrativa galega\)](#)

A formación específica deste persoal estruturouse nas seguintes áreas formativas:

- a. Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas
- b. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- c. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- d. Lingua galega

A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

O alumnado valorou a súa satisfacción con estas actividades cunha puntuación media de **4,35** (nunha escala de 1 a 5, en base a 471 enquisas).

Listaxe de cursos convocados para o PAS no ano 2019

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
UN19001	Medio de linguaxe administrativa galega	75	1	25
UN19002	Superior de linguaxe administrativa galega	75	1	25
UN19003	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	20	1	50
UN19004	Atención á cidadanía	25	1	50
UN19005	Básico en prevención de riscos laborais	50	1	50
UN19006	Como deseñar presentacións eficaces	20	1	50
UN19007	Comunicación eficiente e xestión de proxectos a través de Office365	30	1	25
UN19008	Convenios, encargos a medios propios e encomendas de xestión na universidade	20	1	50
UN19009	Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	25	1	50
UN19010	Ética profesional na Administración pública e calidade de servizo	25	1	50
UN19011	Formación metodolóxica de formadores	30	1	25
UN19012	Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia	20	1	50
UN19013	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	25	1	50
UN19014	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	25	1	50
UN19015	Os contratos do sector público	30	1	50
UN19016	Planificación estratéxica	30	1	25
UN19017	Prestacións da seguridade social e cotizacións	30	1	50
UN19018	Protocolo universitario	20	1	50
UN19019	Xestión intelixente das redes sociais nas administracións públicas	30	1	50
UN19020	Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679, de protección de datos.	30	1	50
UN19021	Seguridade da información no ámbito das universidades públicas	30	1	50

A FORMACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Durante o ano 2019 a formación ofrecida ao persoal da Administración local levouse a cabo a través de dúas vías: directamente, mediante a convocatoria de actividades formativas, e indirectamente, a través de subvencións destinadas ao financiamento de plans formativos.

Mediante estas dúas canles a Escola cumpre co seu obxectivo de achegar unha formación diferenciada e de calidade aos empregados das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa elaborado directamente pola Escola para a este colectivo permitiu convocar **28 edicións** e **1.320 prazas**.

Edicións	Prazas
28	1.320

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:

- [DOG núm. 58, do 25 de marzo \(actividades de formación continua\)](#)
- [DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2018 \(linguaxe administrativa galega\)](#)

A formación deste persoal estruturouse nas seguintes áreas:

- a. Réxime xurídico e xestión das entidades locais
- b. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- c. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- d. Lingua galega

A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

O alumnado valorou a súa satisfacción coas actividades cunha puntuación media de **4,38** (nunha escala de 1 a 5, en base a 647 enquisas).

Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración local no ano 2019

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
LO19001	Medio de linguaxe administrativa galega	75	1	25
LO19002	Superior de linguaxe administrativa galega	75	1	25
LO19003	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	30	1	50
LO19004	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	20	1	50
LO19005	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos	25	1	50
LO19006	A implantación da administración electrónica na Administración local	25	1	50
LO19007	A lei de contratos do sector público: os procedementos de contratación nas entidades locais .	25	1	50
LO19008	A participación sociocultural no eido local	21	1	20
LO19009	Atención á cidadanía	25	1	50
LO19010	Certificado dixital	30	1	50
LO19011	Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración local	30	1	50
LO19012	Extinción e liquidación de entes municipais. Remunicipalización dos servizos locais	30	1	50
LO19013	Fiscalización e control da actividade de entes locais	25	1	50
LO19014	Funcións dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional tras a entrada en vigor do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo. Especial referencia ás funcións de tesourería	25	1	50
